



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Novembro 2024

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Novembro 2024

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en novembro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior un incremento do 1,6% e no conxunto de España do 2,0%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 5,6% mentres que diminúen no Resto de produtos un 0,8%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 1,3% en Galicia no mes de novembro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España medra un 1,9%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,7% en Galicia e do 1,9% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en quince comunidades autónomas no mes de novembro.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Novembro 2024

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	<b>Xeral</b>	100,6	1,6	1,5
	<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	99,0	1,7	1,3
	<b>Alimentación</b>	93,7	5,6	2,2
	<b>Resto</b>	106,4	-0,8	1,4


Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	1,7	1,3
Xeral sen estacións de servizo	2,2	0,7
Alimentación	-0,5	0,6

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 1,6% en Galicia en novembro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do 2,0% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 1,7% en Galicia e un 2,0% en España respecto a novembro de 2023. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa a facturación un 5,6% en Galicia e un 3,7% no conxunto de España.
- O Resto de produtos diminúe un 0,8% en Galicia e medra un 1,4% no conxunto do Estado.



Nos once primeiros meses do ano, as vendas minoristas aumentan un 1,5% en Galicia e un 2,0% en España. Rexístrase un incremento das vendas tanto en Alimentación (2,2% en Galicia e 1,8% en España) como no Resto de produtos (1,4% en Galicia e 3,1% en España).


## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. As comunidades con maiores incrementos son Canarias (4,6%), País Vasco (3,5%) e Andalucía (3,4%). As comunidades con menor crecemento das vendas son Extremadura (0,2%) e Illes Balears (0,3%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Madrid (-0,6%). As taxas máis altas preséntanse en Canarias (5,0%), Cantabria (3,6%) e Andalucía (3,6%).

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Novembro 2024

#### Taxas de variación en %



### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 1,3% en Galicia no mes de novembro de 2024, e un 1,9% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 2,5% en Galicia e do 2,9% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 7,2% e no Resto de produtos diminúen un 0,9%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 5,4% nas vendas en Alimentación e do 1,1% no Resto de produtos.

Nos once primeiros meses do ano, o índice medra un 3,3% en Galicia e un 3,7% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 6,1% en Galicia, máis que en España (5,6%). As vendas no Resto de produtos crecen máis en España (3,2%) que en Galicia (1,9%).

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,7% no mes de novembro en Galicia e do 1,9% no conxunto do Estado.


No que vai do ano, a ocupación medra un 0,1% en Galicia e en España un 1,9%.

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en novembro en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid (3,8%) e Canarias (3,5%). As comunidades con diminución do persoal ocupado son Extremadura (-0,5%) e Asturias (-0,3%).

##### Índice xeral de ocupación. Novembro 2024

##### Taxas de variación en %



Nos acumulado do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Madrid (4,5%) e Canarias (3,3%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado Extremadura (-0,8%) e La Rioja (-0,5%).

## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	120,6	1,3	3,3	100,6	1,6	1,5
Xeral sen estacións de servizo	120,3	2,5	3,7	99,0	1,7	1,3
Alimentación	120,6	7,2	6,1	93,7	5,6	2,2
Resto	120,1	-0,9	1,9	106,4	-0,8	1,4
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	130,1	1,9	3,7	108,4	2,0	2,0
Xeral sen estacións de servizo	130,9	2,9	4,3	107,9	2,0	2,0
Alimentación	129,2	5,4	5,6	100,1	3,7	1,8
Resto	132,2	1,1	3,2	118,9	1,4	3,1

Fonte:INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Novembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	121,0	0,6	2,8	101,4	0,7	1,0
Xeral sen estacións de servizo	120,9	1,5	3,2	100,1	0,6	0,8
Alimentación	123,8	5,0	5,5	96,6	3,9	1,6
Resto	118,4	-1,1	1,6	107,4	-1,1	1,0
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	128,6	1,5	3,3	107,4	1,0	1,5
Xeral sen estacións de servizo	129,0	2,5	3,9	106,3	1,0	1,5
Alimentación	131,6	4,1	5,1	101,1	1,7	1,1
Resto	126,1	0,8	2,9	115,5	1,0	2,7

Fonte:INE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Novembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>130,1</b>	<b>1,9</b>	<b>3,7</b>	<b>108,4</b>	<b>2,0</b>	<b>2,0</b>
Andalucía	130,7	2,9	5,1	109,0	3,4	3,6
Aragón	125,8	0,6	3,8	104,3	0,6	2,0
Asturias	123,0	2,0	3,0	102,6	1,7	1,4
Balears, Illes	124,1	0,8	2,2	103,4	0,3	0,4
Canarias	151,6	4,7	6,7	126,8	4,6	5,0
Cantabria	126,2	2,4	5,1	105,1	2,8	3,6
Castilla y León	123,5	0,3	2,6	101,7	0,5	1,0
Castilla-La Mancha	123,8	2,2	4,2	101,4	2,7	2,4
Cataluña	129,5	2,6	4,0	108,1	2,5	2,1
Comunitat Valenciana	126,3	0,2	4,4	105,8	0,5	2,8
Extremadura	122,4	0,1	2,5	101,6	0,2	0,6
<b>GALICIA</b>	<b>120,6</b>	<b>1,3</b>	<b>3,3</b>	<b>100,6</b>	<b>1,6</b>	<b>1,5</b>
Madrid	137,6	0,5	1,1	115,5	0,7	-0,6
Murcia, Región de	128,1	2,5	3,1	106,7	2,7	1,6
Navarra	124,2	2,8	4,8	102,1	2,6	2,7
País Vasco	129,3	4,3	5,0	106,9	3,5	2,7
Rioja, La	125,6	2,8	4,2	103,5	2,5	2,1
Ceuta	131,2	0,4	3,4	108,9	0,1	0,9
Melilla	119,9	1,1	3,9	99,4	1,4	2,7

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Novembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	104,6	0,7	0,1
Xeral sen estacións de servizo	104,3	0,6	-0,1
<b>España</b>			
Xeral	106,8	1,9	1,9
Xeral sen estacións de servizo	106,8	1,9	1,9

Fonte:INE



**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.**  
**Novembro 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>106,8</b>	<b>1,9</b>	<b>1,9</b>
Andalucía	109,0	3,1	3,0
Aragón	104,1	2,1	0,7
Asturias	98,9	-0,3	0,3
Balears, Illes	111,1	2,9	3,0
Canarias	114,8	3,5	3,3
Cantabria	103,4	0,4	0,3
Castilla y León	103,6	0,6	0,7
Castilla-La Mancha	107,8	2,2	2,0
Cataluña	102,8	0,2	0,5
Comunitat Valenciana	105,9	1,0	1,0
Extremadura	104,1	-0,5	-0,8
<b>GALICIA</b>	<b>104,6</b>	<b>0,7</b>	<b>0,1</b>
Madrid	111,4	3,8	4,5
Murcia	100,8	0,8	0,6
Navarra	104,8	1,9	1,3
País Vasco	105,6	2,2	0,8
Rioja, La	103,6	1,1	-0,5
Ceuta	99,7	0,2	-0,2
Melilla	101,5	-0,3	-0,6

Fonte: INE